

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL**

- 3762** *Orde ESS/256/2018, do 12 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, polo que se regula o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que diminúsen de maneira considerable a sinistralidade laboral.*

O Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, polo que se regula o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que diminúsen de maneira considerable a sinistralidade laboral, establece no artigo 6.2 que nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento se especificarán o contido e o procedemento de remisión do informe proposta non vinculante que as entidades xestoras ou as mutuas remitirán á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social para a concesión ou denegación do incentivo solicitado polas respectivas empresas protexidas.

Pola súa banda, o artigo 7.3 do mencionado Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, prevé que as resolucións da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social poidan ser obxecto de recurso de alzada, previamente ao recurso contencioso-administrativo, polo que se incorpora ao procedemento electrónico a tramitación dos posibles recursos de alzada contra as resolucións indicadas, mediante a ampliación do ficheiro xa existente que figura no anexo I. Igualmente, acláranse e desenvólvense algúns dos requisitos establecidos para o acceso ao incentivo no Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.

Faise preciso, en consecuencia, desenvolver o citado real decreto en canto aos aspectos sinalados.

Por outro lado, modifícase o número 3 do artigo 8 da Orde TAS/3623/2006, do 28 de novembro, pola que se regulan as actividades preventivas no ámbito da Seguridade Social e o financiamento da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais, co obxecto de adecuar a súa regulación ao marco normativo vixente.

Esta orde atense aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en canto ao principio de necesidade, cumpre a previsión recollida na disposición derradeira terceira do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, que faculta a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar cantas disposicións de carácter xeral sexan precisas para a aplicación e o desenvolvemento dese real decreto e, no que concirne aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica e eficiencia, consegue o seu obxectivo da única forma posible, que é mediante a aprobación dunha orde ministerial que desenvolva determinados aspectos do procedemento de recoñecemento ou denegación da redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que diminúsen de maneira considerable a sinistralidade laboral.

Pola súa parte, en relación co principio de eficacia, a norma consegue o fin perseguido, que é articular un procedemento de tramitación das solicitudes de incentivos polas empresas e dos recursos que se poidan presentar, adecuado ao novo marco normativo que establece o Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.

Finalmente, cumpre o principio de transparencia en canto que, con carácter previo á elaboración do proxecto e conforme o previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, se substanciou o trámite de consulta pública co fin de solicitar a opinión dos cidadáns e organizacións máis representativas potencialmente afectados pola norma, aos cales se lles facilitou información ao respecto a través do portal web do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

No seu proceso de tramitación, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, esta orde someteuse ao trámite de audiencia e información pública. Así mesmo, recibiu o informe da Comisión Ministerial de Administración Dixital do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de conformidade co disposto no artigo 2.2.i) da Orde ESS/1355/2015, do 25 de xuño, pola que se crea a Comisión Ministerial de Administración Dixital do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e se regula a súa composición e funcións.

Esta orde dítase en uso das facultades conferidas polo artigo 5.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, en relación co establecido na disposición derradeira terceira do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, dispoño:

Artigo 1. Creación do ficheiro informático para a remisión dos informes proposta non vinculantes e da información sobre os recursos de alzada polas entidades xestoras ou mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.

Créase o ficheiro informático para a remisión dos informes proposta non vinculantes e da información sobre os recursos de alzada polas entidades xestoras ou mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, cuxo contido é o que figura no anexo I.

Artigo 2. Remisión dos informes proposta non vinculantes e da información sobre os recursos de alzada polas entidades xestoras ou mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.

1. O informe proposta non vinculante das entidades xestoras ou mutuas colaboradoras coa Seguridade Social a que se refire o artigo 6.2 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, polo que se regula o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que diminuísen de maneira considerable a sinistralidade laboral, consideradas, se é o caso, as alegacións a que se refire o dito precepto, axustarase ao ficheiro informático cuxas características e contido se recollen, respectivamente, na disposición adicional primeira e no anexo I.

2. Sen prexuízo do establecido no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o recurso de alzada contra as resolucións da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social presentarase na entidade xestora ou na mutua que establece o artigo 6 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.

A entidade xestora ou mutua deberá emitir informe sobre os recursos de alzada que, se é o caso, interpoñan as empresas contra as resolucións a que se refire o parágrafo anterior e remitir a documentación á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social no ficheiro informático a que se refire o punto anterior, quen o elevará ao órgano competente para a súa resolución conforme o previsto no artigo 121.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. No caso de remisión dos recursos e informes por algunha das entidades xestoras da Seguridade Social, os documentos irán asinados electronicamente pola persoa responsable da súa tramitación. Tratándose das mutuas, estes documentos serán asinados electronicamente polo xerente ou pola persoa en quen delegue, acreditando coa súa sinatura que a documentación remitida no ficheiro informático inclúe todos os documentos achegados pola empresa e que son copia fiel dos orixinais.

4. A documentación mencionada nos números 2 e 3 compoñerase dos documentos previos á resolución, do recurso presentado pola empresa e do informe proposta elaborado ao respecto, cuxos orixinais quedarán arquivados na entidade xestora ou mutua a que se refire o artigo 6 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.

Artigo 3. Determinación do período de observación a que se refire o artigo 5 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.

Para determinar o número de exercicios naturais que compoñen o período de observación, o cómputo das cotizacións comezará co ano anterior ao da solicitude, ao cal se engadirán, se é o caso, consecutivamente, as cotizacións correspondentes aos exercicios naturais anteriores ata acadar o volume mínimo de cotización a que se refire o artigo 2.1.a) do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.

Artigo 4. Determinación da mutua responsable da tramitación da solicitude a que se refire o artigo 6 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.

1. No suposto de informes proposta tramitados indebidamente por unha mutua que non sexa a responsable da solicitude segundo o establecido no artigo 6 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social comunicará a resolución do incentivo á mutua responsable. Así mesmo, poñerá no seu coñecemento os antecedentes precisos de modo que a mutua responsable da tramitación da solicitude poida contar cos datos necesarios para a remisión, se é o caso, do informe do recurso de alzada.

2. Para a determinación da mutua responsable da tramitación da solicitude a que se refire o artigo 6.4 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, considerarase o código de conta de cotización máis antigo da dita actividade de entre os que tivesen traballadores en alta no período de observación.

Artigo 5. Cálculo dos índices de sinistralidade a que se refire o anexo II do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.

Para o cálculo dos índices de sinistralidade a que se refire o anexo II do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, computarase toda a sinistralidade que corresponda ao período de observación, incluída aquela cuxa continxencia profesional se recoñecese ou declarase no período de observación aínda que esta corresponda a períodos anteriores.

Considerarase que se cumpren os límites de sinistralidade a que se refire o anexo II do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, cando os valores dos índices sexan inferiores aos límites establecidos na correspondente orde pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social contidas nas respectivas leis de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 6. Concepto de pequena empresa para efectos da declaración de actividades preventivas.

Para os efectos de completar a declaración de actividades preventivas do anexo I do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, considerarase pequena empresa toda aquela que conte cun volume de cotizacións por continxencias profesionais maior ou igual a 250 euros e menor ou igual a 5.000 euros, nun período de observación de catro anos.

Artigo 7. Disposicións relativas ao cumprimento de determinados requisitos.

1. A acreditación do cumprimento do establecido no artigo 2.1.d) do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, e da realización dos investimentos a que se refire o artigo 3.2 do mesmo real decreto realizarase mediante a presentación de declaración responsable, conforme o modelo recollido no anexo III, que se xuntará á solicitude da cal, se é o caso, formará parte.

O importe dos investimentos declarados consignarase sen incluír o imposto sobre o valor engadido e deberá desagregarse polos exercicios naturais do período de observación solicitado.

2. A verificación do cumprimento do requisito establecido no artigo 2.1.c) do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, de estar ao día no cumprimento das súas obrigas en

materia de cotización á Seguridade Social na data de remate do prazo de presentación das solicitudes correspóndelle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que informará a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.

3. Corresponderalle á empresa manter á disposición dos órganos de control citados no artigo 9 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, a documentación relativa aos investimentos realizados nas actividades preventivas complementarias incluídas na súa declaración responsable que, se é o caso, realízasen.

Artigo 8. *Presentación das solicitudes.*

De conformidade co establecido no artigo 2.3 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, presentárase unha única solicitude correspondente a todos os códigos de conta de cotización co mesmo código de actividade segundo a tarifa de cotización á Seguridade Social por contingencias profesionais.

Artigo 9. *Redución do importe dos incentivos.*

Cando, á vista do número de solicitudes presentadas polas empresas, se prevexa que a contía total dos incentivos que se poidan recoñecer vaia exceder o límite fixado no artigo 4.2 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social efectuará unha redución proporcional dos importes que hai que recoñecer para os efectos de cumprir coa limitación prevista, deixando constancia deste feito nas resolucións correspondentes.

Disposición adicional primeira. *Características do ficheiro informático regulado nos artigos 1 e 2.*

O ficheiro informático creado no artigo 1 terá as características que se recollen a seguir e o contido que figura no anexo I.

Nome: ficheiro para a remisión dos informes proposta non vinculantes e da información sobre os recursos de alzada polas entidades xestoras ou mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.

Órganos da Administración responsables do ficheiro: Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.

Servizos e unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación: Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.

Medidas de seguridade: nivel medio.

Sistema de tratamento: automatizado.

Estrutura básica: datos das empresas inscritas na Seguridade Social, identificativos, de emprego e económicos.

Tipo de datos de carácter persoal:

Datos especialmente protexidos de saúde.

Datos identificativos.

Datos de características persoais.

Datos profesionais.

Datos de detalles do emprego.

Datos económicos.

Descrición da finalidade do ficheiro e usos previstos:

Xestión dos incentivos regulados no Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, polo que se regula o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por contingencias profesionais ás empresas que diminúsen de maneira considerable a sinistralidade laboral.

Informes non vinculantes de entidades xestoras e mutuas para a aplicación do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.

Persoas ou colectivos sobre os cales se obteñan datos ou estean obrigados a subministralos: responsables da cotización das empresas inscritas na Seguridade Social.

Procedemento de recollida de datos:

Representante legal da empresa ou traballador autónomo con cobertura de continxencias profesionais da Seguridade Social.

A obriga de subministralos recae nas entidades xestoras, mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e empresas colaboradoras na xestión das continxencias profesionais da Seguridade Social.

Cesións de datos de carácter persoal previstas: organismos da Seguridade Social, Inspección de Traballo e Seguridade Social, Subdirección Xeral de Recursos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Transferencias de datos de carácter persoal previstas: non se prevén.

Disposición adicional segunda. *Características do ficheiro informático de continxencias profesionais da Seguridade Social.*

De conformidade co disposto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, créase o ficheiro informático de continxencias profesionais da Seguridade Social, cuxas características se recollen a seguir e cuxo contido é o que figura no anexo II.

Nome: ficheiro informático de continxencias profesionais da Seguridade Social.

Órganos da Administración responsables de ficheiro: Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.

Servizos e unidades ante os cales se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación: Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.

Medidas de seguridade: nivel alto.

Sistema de tratamento: automatizado.

Estrutura básica: datos das empresas inscritas na Seguridade Social: identificativos, de emprego e económicos.

Tipo de datos de carácter persoal:

Datos especialmente protexidos de saúde.

Datos identificativos.

Datos de características persoais.

Datos profesionais.

Datos de detalles do emprego.

Datos económicos.

Descrición da finalidade do ficheiro e usos previstos:

Xestión das continxencias profesionais do sistema da Seguridade Social.

Artigo 42 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

Orde do 25 de novembro de 1966 pola que se regula a colaboración das empresas na xestión do réxime xeral da Seguridade Social.

Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, polo que se regula o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que diminuísen de maneira considerable a sinistralidade laboral.

Persoas ou colectivos sobre os cales se obteñan datos ou estean obrigados a subministralos: obtención de datos de traballadores afiliados á Seguridade Social e empresas inscritas na Seguridade Social.

Procedemento de recollida dos datos:

Representante legal da empresa ou traballador autónomo con cobertura de continxencias profesionais da Seguridade Social.

A obriga de subministralos recae nas entidades xestoras, mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e empresas colaboradoras na xestión das continxencias profesionais da Seguridade Social.

Cesións de datos de carácter persoal previstas: organismos da Seguridade Social, Administración laboral, Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Transferencias de datos de carácter persoal previstas: non se prevén.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogada a Orde TIN 1448/2010, do 2 de xuño, pola que se desenvolve o Real decreto 404/2010, do 31 de marzo, polo que se regula o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que contribúisen especialmente á diminución e prevención da sinistralidade laboral, coa excepción da súa disposición adicional terceira e do seu anexo V.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde TAS/3623/2006, do 28 de novembro, pola que se regulan as actividades preventivas no ámbito da Seguridade Social e o financiamento da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais.*

O número 3 do artigo 8 da Orde TAS/3623/2006, do 28 de novembro, pola que se regulan as actividades preventivas no ámbito da Seguridade Social e o financiamento da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais, queda redactado nos seguintes termos:

«3. Con cargo ao 80 por cento do exceso de excedentes da xestión das continxencias profesionais xerado polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, ingresado no Banco de España á disposición deste ministerio, poderanse realizar achegas adicionais á Fundación para a Prevención de Riscos Laborais para financiar os programas sectoriais e territoriais destinados a favorecer a promoción da seguridade e a saúde dos traballadores nas empresas e a fortalecer o papel dos interlocutores sociais e a implicación de empresarios e traballadores na súa mellora, segundo o previsto, se é o caso, na estratexia española de seguridade e saúde no traballo vixente en cada momento.

A contía destas achegas adicionais, que serán complementarias das previstas no número 1 deste artigo e non computarán no límite anual fixado no anterior número 2, será establecida anualmente pola Secretaría de Estado da Seguridade Social, tendo en conta o exceso de excedentes xerado polas mutuas no último exercicio.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o secretario de Estado da Seguridade Social para resolver cantas cuestións se poidan suscitar na aplicación desta orde, así como para modificar o deseño e o contido dos seus anexos cando as circunstancias o requiran.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente orden entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» con efectos do 1 de xaneiro de 2018.

Madrid, 12 de marzo de 2018.—A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.

ANEXO I

Contido do ficheiro para a remisión dos informes proposta non vinculantes e da información sobre os recursos de alzada polas entidades xestoras ou mutuas colaboradoras coa Seguridade Social

I. Información sobre a solicitude: identificación da entidade xestora ou mutua que cobre as continxencias profesionais:

Datos da empresa:

- Período de observación (anos de que se compón).
- Código de identificación fiscal.
- Código de conta de cotización principal.
- Actividade económica da empresa segundo CNAE da tarifa de primas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- Razón social da empresa solicitante.
- Autorización do empresario á mutua responsable para coñecer todos os datos para a resolución do expediente.
- Cumprimento do artigo 2.1.d) do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo. Número de infraccións moi graves. Número de infraccións graves.

Datos da acción preventiva do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo:

- Importes dos investimentos da empresa a que se fai referencia no artigo 3.2 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.
- Cumprimento dos artigos 2.1.e) e 2.1.f) do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, en relación coas cuestións da declaración responsable sobre actividades preventivas contidas no anexo I (Si, Non).

II. Datos adicionais para a presentación de informe proposta cando haxa trámite de audiencia:

- Número de expediente do informe proposta.
- Cumprimento do prazo de presentación de alegacións en trámite de audiencia (Si, Non).
- Arquivo, se é o caso, coa copia escaneada das alegacións da empresa ante o trámite de audiencia ou escrito de desistencia da empresa.

III. Proposta da entidade xestora ou mutua:

- Favorable (sen alegacións da empresa).
- Favorable (con alegacións da empresa).
- Desfavorable (con alegacións da empresa).
- Desistencia en trámite de audiencia segundo escrito achegado pola empresa.
- Sen informe proposta (empresas con códigos de conta de cotización noutras entidades xestoras ou mutuas).
- Data do informe proposta.

IV. Información sobre o recurso de alzada, alegacións formuladas pola mutua e/ou empresa:

- Número de expediente do informe proposta, con identificación da resolución.
- Número de expediente en trámite de audiencia.
- Código de conta de cotización inexistente ou sen cotizacións no ano solicitado.
- CNAE inexistente na empresa que solicita o incentivo.
- A empresa non cumpre co mínimo de cotas no período de observación solicitado.
- Incumprimento do índice I de sinistralidade xeral.
- Incumprimento do índice II de sinistralidade xeral.
- Incumprimento do índice III de sinistralidade extrema.
- A empresa está NON ao día no pagamento.
- Discrepancia co importe do incentivo percibido. Incentivo declarado no período de observación ou porcentaxe de incentivo sobre cotas.
- Discrepancia no número de sancións graves ou moi graves.
- Valoración do recurso por parte da entidade xestora ou mutua (favorable, desfavorable).
- Exclusión do incentivo.
- Cumprimento dos artigos 2.1.e) e 2.1.f) do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo, en relación coas cuestións da declaración responsable sobre actividades preventivas contidas no anexo I.
- Outras causas de recurso.
- Cumprimento do prazo de presentación do recurso.
- Documentación do expediente.
- Documentación do recurso da empresa.
- Documentación do informe de valoración do recurso por parte da entidade xestora ou mutua.

ANEXO II

Contido do ficheiro informático de continxencias profesionais da Seguridade Social

I. Información relativa a todas as empresas e traballadores por conta propia que tivesen algún recoñecemento de prestacións da Seguridade Social por continxencias profesionais:

Identificación da entidade xestora, mutua colaboradora coa Seguridade Social ou empresa colaboradora que notifica.

Datos da empresa ou traballador autónomo:

- Período de observación (data de inicio e data final).
- Código de conta de cotización principal ou número de afiliación á Seguridade Social.
- Actividade económica da empresa segundo a CNAE da tarifa de primas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- Número de traballadores de baixa laboral, días aboados e importe total aboadado por incapacidade temporal derivada de AT/EP en pagamento directo.
- Número de traballadores de baixa laboral, días aboados e importe total aboadado por risco durante o embarazo e durante a lactación.
- Número de traballadores e importe total aboadado por auxilio por defunción, indemnizacións a tanto global, indemnizacións por baremo, outras indemnizacións e entregas únicas, entregas por desprazamento, próteses, vehículos para inválidos, outras prestacións e indemnizacións, farmacia, asistencia sanitaria con medios propios e alleos de AT/EP.
- Información sobre as actividades preventivas: tipo de modalidade de organización preventiva da empresa, indicación da realización da avaliación de riscos, segundo certificación de organismo acreditado, se a empresa acredita o cumprimento dos requisitos básicos en materia de prevención de riscos laborais, se incorpora ao cadro de persoal

recursos preventivos propios malia non estar legalmente obrigada a efectualo ou amplía os recursos propios existentes, se realiza auditorías externas do sistema preventivo malia non estar legalmente obrigada e se existen plans de mobilidade na empresa.

Réxime de Seguridade Social.

Empresa de traballo temporal (Si, Non).

II. Información referida aos accidentes de traballo con algún día de baixa laboral ou accidentes mortais:

Identificación da entidade xestora, mutua ou empresa colaboradora que notifica.

Número de referencia que a aplicación Delt@ asigna a cada parte de accidente de traballo.

Datos da empresa:

Código de conta de cotización (CCC) a que pertence o/a traballador/a.

Indicación de se é subcontrata ou usuaria de empresa de traballo temporal (ETT).

Datos do/a traballador/a:

Identificación do/a traballador/a mediante NAF: número de afiliación á Seguridade Social e IPF: identificador de persoa física.

Código de ocupación do traballador seguindo a clasificación CNO-94.

Identificación da ocupación ou situación pola cal cotiza o traballador.

Situación profesional do traballador.

Data de ingreso na empresa.

Indicación de se é o traballo habitual ou non.

Sexo.

Nacionalidade.

Data de nacemento.

Tipo de contrato.

Duración da xornada.

Datos do accidente:

Lugar onde ocorreu, se foi un accidente de tráfico, tipo de empresa onde sucedeu o accidente, día e hora da semana en que ocorreu, axente material que desencadeou o accidente, forma de contacto, se o accidente afectou máis dun traballador.

Datos médicos:

Data da baixa médica.

Tipo de asistencia: ambulatoria ou hospitalaria.

Parte do corpo lesionada.

Diagnóstico médico segundo a clasificación CIE-10.

Indicación de se é ou non un falecemento.

Datos económicos da situación de incapacidade temporal:

Base reguladora diaria.

Número de días aboados no período.

Data da alta laboral.

Notificación do peche do proceso:

Data do peche do proceso.

Causa do peche: alta por curación e/ou alta laboral, alta con proposta de incapacidade permanente, alta con proposta de cambio de traballo, falecemento, outras causas, lesións permanentes non invalidantes.

III. Información referida ás prestacións de risco durante o embarazo, risco durante a lactación, pagamentos por indemnizacións e entregas únicas regulamentarias e por outras prestacións da Seguridade Social:

Identificación da entidade xestora, mutua ou empresa colaboradora que notifica.
Tipo de prestación.

Datos da empresa:

Código de conta de cotización (CCC) a que pertence o/a traballador/a.

Datos do traballador/a:

Identificación do/a traballador/a mediante NAF: número de afiliación á Seguridade Social e IPF: identificador de persoa física.

Código de ocupación do traballador seguindo a clasificación CNO-94.

Identificación da ocupación ou situación pola que cotiza o traballador.

Datos económicos da prestación:

Base reguladora diaria (se procede).

Importe.

Data da baixa e data e causa da alta laboral (se procede).

Sexo.

Nacionalidade.

Data de nacemento.

Tipo de contrato.

Duración da xornada.

ANEXO III

Declaración responsable do empresario (artigos 2.1.d e 3.2 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo)

Declaración responsable do empresario sobre a concorrencia do requisito sobre sancións e dos importes dos investimentos efectuados no período de observación a que se refiren a alínea d) do artigo 2.1 e o artigo 3.2 do Real decreto 231/2017, do 10 de marzo.

Cuestións	Si	Non	Non procede	Notas
1. Importe dos investimentos realizados a que se refire o artigo 3.2 do Real decreto 231/2017. (Deberán consignarse en euros e sen IVE na columna «Notas»).				
– Importe dos investimentos no ano anterior ao da solicitude do incentivo.				
– Importe dos investimentos no segundo ano anterior ao da solicitude do incentivo.				
– Importe dos investimentos no terceiro ano anterior ao da solicitude do incentivo.				
– Importe dos investimentos no cuarto ano anterior ao da solicitude do incentivo.				
2. Foi sancionada a empresa pola comisión das infraccións que se recollen no artigo 2.1.d) do Real decreto 231/2017 (consígnese n.º na columna «Notas»).				
– Sancións por infraccións moi graves.				
– Sancións por infraccións graves.				

Declaro a exactitude dos datos anteriores

Asdo.: o empresario, ou o administrador ou presidente do consello de administración,
ou o representante legal da empresa

(Consignense nome e apelidos)